



CONCELLO DE BOBORÁS

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal e a xornada completa, do posto de traballo de Orientador/a laboral que foi solicitado ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022

FUNCIÓNS:

Desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional adscritos ao servizo de promoción económica, sen prexuízo de calquera outra da súa categoría que lle poda encomendar a alcaldesa, de tal maneira que realizará as seguintes funcións primordialmente:

a) Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil ocupacional da persoa demandante de emprego: comprenderá a atención específica a esta co obxecto de identificar, coa participación e compromiso da persoa demandante, os seus recursos para o emprego, compostos polas súas habilidades, competencias, formación e experiencia, os seus intereses, as súas circunstancias persoais en relación co acceso ao emprego e coas posibles oportunidades profesionais, así como outras variables relevantes para a elaboración do seu perfil e a súa clasificación en función da súa dispoñibilidade, da súa ocupabilidade e da súa empregabilidade e da evolución ao longo da súa búsqueda activa de emprego.

b) Deseño do itinerario personalizado para o emprego: consistirá na elaboración, coa participación e o compromiso da persoa demandante,





CONCELLO DE BOBORÁS

conforme as metodoloxías e coas ferramentas que en cada momento se determinen desde a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, do proceso que se considere máis axeitado para o seu acceso ao emprego de acordo co seu perfil, situación do mercado laboral no seu ámbito de busca, necesidades e expectativas, a través de criterios técnicos e estatísticos, atendendo a aspectos cuantitativos e cualitativos de relevancia obxectiva, incluíndo as principais actuacións acordadas e o calendario de realización pactado coa persoa demandante, que deberá asumir un papel de protagonismo fundamental en todo o proceso, así como os elementos de verificación e seguimento.

Este itinerario deberá incorporar, polo menos:

- 1º. A identificación de alternativas profesionais a partir da análise motivada de oportunidades de emprego para o/a demandante as que poida acceder de acordo co seu perfil profesional, coa súa dispoñibilidade persoal para acceder ao emprego e co potencial existente no seu ámbito de procura.
- 2º. A identificación dun itinerario formativo, cando se precise de acordo co perfil da persoa usuaria, mediante a proposta das accións de formación e/ou acreditación da experiencia profesional que resulten axeitadas para a mellora de competencias e cualificación profesional da persoa usuaria.
- 3º. A identificación das actuacións de procura activa de emprego que, de acordo co seu perfil, a persoa usuaria se compromete a realizar, así como o seguimento previsto para elas.

c) Acompañamento personalizado no desenvolvemento do itinerario e no cumprimento do compromiso de actividade: consistirá no seguimento individual e personalizado por parte dun/ha titor/a ou orientador/a das actuacións que a persoa usuaria vaia levando a cabo na execución do seu itinerario, a revisión e actualización deste e a fixación e supervisión do





CONCELLO DE BOBORÁS

cumprimento de fitos, etapas e obrigas. Para isto poderá planificarse, de acordo coa persoa orientada e co seu perfil competencial, o uso de medios telemáticos de entre os postos á disposición pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, para unha interacción mellor e maior, así como máis rápida e continuada coa persoa demandante durante o desenvolvemento do proceso, como complemento das sesións presenciais acordadas.

d) Deseño, planificación e execución de accións grupais de orientación laboral que poidan ser de interese, en función dos perfís das persoas orientadas, tanto para mellorar a eficiencia do servizo como para fomentar a interrelación e o intercambio de experiencias entre elas.

e) Asesoramento e axuda técnica adicional para:

1º. A definición do seu currículo, que reflicta o seu perfil profesional en termos de competencias profesionais: comprenderá a información e asesoramento persoal, grupal ou xeral ás persoas usuarias, así como a provisión de instrumentos e técnicas de axuda para a elaboración do seu currículo personalizado ou o uso de novas ferramentas de presentación profesional a través do uso das TIC.

2º. A aplicación de técnicas para a procura activa de emprego: terá en conta a provisión de información e o manexo básico dos medios, técnicas e ferramentas accesibles para a procura de emprego por conta allea, con especial atención ao uso da internet para a procura de emprego, sempre que o perfil competencial da persoa demandante así o recomende.

f) Información e asesoramento adicional sobre:

1º. A situación do mercado de traballo e as políticas activas de emprego que poidan resultarlle de utilidade ás persoas demandantes de emprego para incrementar as súas posibilidades de empregabilidade.





CONCELLO DE BOBORÁS

2º. A oferta formativa e os programas que faciliten a mobilidade para a formación e cualificación europeas.

3º. A posta en marcha de proxectos emprendedores ou de emprego autónomo, así como os recursos de apoio de todo tipo dispoñibles no seu contorno para un asesoramento ou acompañamento máis especializado.

g) Apoio á xestión da mobilidade laboral.

h) Coordinación e colaboración co resto de persoal de orientación laboral e coa rede de técnicos de emprego de Galicia para o intercambio de información e boas prácticas no eido do emprego, do emprendemento e da análise e prospección do mercado laboral.

i) Mellora continuada das súas propias competencias e recursos profesionais para a orientación laboral a través da participación nas accións de formación e capacitación específicas que se determinen desde a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

2.- NORMATIVA APLICABLE

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, segundo o establecido por:

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia





CONCELLO DE BOBORÁS

- Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
- Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables,
- Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022

3- MODALIDADE, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN.

Contrato Laboral temporal a tempo completo, cunha duración de 12 meses.

As retribución serán as correspondentes a un técnico medio, A2, conforme á solicitude da subvención á que se atopa vinculada a contratación.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso de selección os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:





CONCELLO DE BOBORÁS

a) Nacionalidade: Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Capacidade: Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta, para o cal se realizará o oportuno recoñemento médico.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

c) Idade: Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal





CONCELLO DE BOBORÁS

funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Requisitos de titulación:

- título de licenciada/o universitaria/o, arquitecto/a enxeñeiro/a ou grao
- titulación universitaria de enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou grao

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

FASE DE PRESELECCION

FASE DE CONCURSO

Valoración de méritos

Formación específica en materia de orientación laboral

Máster ou cursos en materias de orientación laboral relacionada coas tarefas definidas no artigo 3 da Orde.

0,50 puntos por cada 25 horas formativas.

Experiencia profesional

A experiencia profesional deberá acreditarse exclusivamente a través do contrato de traballo en que conste o desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos acreditarase coa alta en IAE (e actualización) e coas facturas en





CONCELLO DE BOBORÁS

que consten os servizos prestados.

Xuntarase informe de vida laboral en ambos os casos.

Cando se trate de colaboracións, bolsas, tutorías, docencia, educación social ou servizos sociais, acreditarase coa certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.

-Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: técnico/a de orientación: orientación laboral/profesional, tutorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.: 0,40 puntos por cada mes.

-Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe) (axentes de emprego, prospectores de emprego, etc.): 0,20 puntos por cada mes.

A puntuación máxima acadada pola fase de CONCURSO será de 8 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dun exercicio de coñecementos, que consistirá en responder un cuestionario test, de 30 preguntas, con tres respostas alternativas das que so unha será correcta.

Cada resposta acertada puntuarase con 0,2, sendo a puntuación máxima de doce (12) puntos. As respostas erróneas restarán unha terceira parte do valor asignado á resposta correcta e as preguntas no contestadas consideraranse cero puntos cada unha delas.

Correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos necesarios para superalo.





CONCELLO DE BOBORÁS

Proba de galego

A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego o proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora.

Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 4 ou equivalente se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

En caso de empate entre aspirantes terase en conta o que teña máis puntuación no primeiro exercicio.

De continuar co empate terán carácter preferente as persoas que leven máis tempo desempregadas.

De persistir o empate este resolverase por sorteo público.

6.- BAREMACIÓN POLO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL.

O/a aspirante preseleccionado/a polo Concello de Boborás, previamente á súa contratación, deberá ser baremado polo Servicio de Orientación laboral da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Xunta de Galicia, ó obxecto de verificar que a persoa preseleccionada polo concello cumpre cos requisitos mínimos que se consideran imprescindibles para o exercicio da orientación laboral nas entidades beneficiarias da subvención, de acordo ca Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022.(DOG N° 17 do mércores 26 de xaneiro de 2022)

De non obter a validación o/a aspirante proposto para a contratación,





CONCELLO DE BOBORÁS

pasarase o/a seguinte seleccionado por orde de mellor puntuación .

7. SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación, será de 5 días hábiles contados dende o día seguinte da publicación destas bases e anuncio da convocatoria na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

Rematado o indicado prazo de presentación de solicitudes de participación a alcadesa ditará decreto aprobando a lista de admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal www.boboras.gal

Para ser admitidas as solicitudes dos aspirantes deben presentar:

- .- Instancia do anexo I destas bases, que contén declaración responsable de contar con todos os requisitos esixidos nas presentes bases.
- .- Fotocopia do DNI en vigor.
- .- Currículo acreditado, acompañado da documentación xustificativa tal e como se regula no artigo 13.2 da Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022.

De resultar seleccionado/a un/ha aspirante que non acredite debidamente os requisitos esixidos nestas bases, (base cuarta) non poderá ser contratado e pasarase o seguinte aspirante que si os poida acreditar.

8.- TRIBUNAL.

O Tribunal estará integrado por persoal laboral fixo e funcionarios de carreira ou habilitado/a/s nacionais que prestan os seus servizos no Concello de Boborás, ou noutras administracións públicas.

Os seus compoñentes pertencen a un corpo, escala ou categoría profesional





CONCELLO DE BOBORÁS

para acceder ó cal se esixiu titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais, ademais de polos respectivos/as suplentes:

Constituído do tributan:

- Presidente: Jorge Moreno Martin-Caloto, secretario-interventor do Concello, ou a persoa en quen delegue.
- Suplente: Un funcionario ou persoal laboral fixo do Concello ,da Deputación de Ourense ou un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional designado pola Alcaldía.
- Secretario: Francisco Javier Masid Pérez, auxiliar administrativo do Concello.
- Suplente: Un funcionario ou persoal laboral fixo do Concello ,da Deputación de Ourense ou un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional designado pola Alcaldía.
- 3 Vogais:
Carmen Janeiro Estévez, técnico de administración do Concello.
Javier Francisco Rivera, técnico de administración do Concello.
José Fírvida Rodríguez , técnico da Deputación Provincial de Ourense.
- Suplentes: tres funcionarios ou persoal laboral fixo do Concello ,da Deputación de Ourense ou un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional designado pola Alcaldía.

Os/as membros do tribunal deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concurran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.





CONCELLO DE BOBORÁS

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso, será necesario a presenza do presidente e do secretario ou de quen os substitúan.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orden as mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que ésta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

9.- CONTRATACIÓN

Unha vez extendida acta do Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Colocación, na que se acredite que , unha vez baremado, o/a aspirante proposto polo Concello cumpre cos requisitos mínimos que se consideran imprescindibles para o exercicio da orientación laboral nas entidades beneficiarias da subvención, de acordo ca Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022.(DOG Nº 27 do mércores 10 de febreiro do 2021) procederase





CONCELLO DE BOBORÁS

á tramitar a contratación do mesmo, segundo o establecido no art. 13.3 da mesma orde.

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

O/a aspirante proposto/a para ser contratado/a, dentro do prazo de tres días naturais (en todo caso antes o **30 de setembro** do 2022) a contar dende o seguinte ó da publicación do resultado da selección na web municipal e taboleiro de edictos do Concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- ✕ Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- ✕ Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- ✕ Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- ✕ Titulación.

11.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Constatado que o/a aspirante reúne os requisitos esixidos previstos nas bases, a alcaldesa ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará co/a seleccionado/a o correspondente contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

12.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS E XURÍDICOS:





CONCELLO DE BOBORÁS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro e Lei 40/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e do Réxime Xurídico do Sector Público respectivamente.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisa-las resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 39/2015 do 1 de outubro.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

HOME:

MULLER:

DNI:

TELÉFONO

CORREO ELECTRONICO:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO E PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

Que acepto as bases da convocatoria.

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, do punto tres das Bases.

Que acredito experiencia laboral como técnico/a de orientación: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc... ou en tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado e/ ou formación específica en materia de orientación laboral.

SOLICITO:





CONCELLO DE BOBORÁS

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

Boborás, a..... de.....de 2022

ANEXO II TEMARIO

PARTE XERAL.

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Procedemento de reforma.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: Contido. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 3.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento. Organización municipal. Órganos e competencias. O Alcalde, O Pleno, a Xunta de Goberno Local e as comisións informativas.- Funcionamento dos órganos colexiados locais.

Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 4.- O procedemento administrativo. Concepto e natureza. Fases do procedemento administrativo. Os recursos administrativos. Actos susceptibles de recursos.

PARTE ESPECIFICA

Tema 5.- Orientación profesional presencial e telemática. O compromiso de actividades. Itinerario individual e personalizado de emprego e formación. A orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego (OPEA). Avaliación de actividades e satisfacción do usuario.

Tema 6.- A intermediación laboral. Perfil. Xestión por competencias.

Tema 7.- As axencias de colocación: Normativa. Acordo marco con axencias de colocación. As empresas de traballo temporal: regulación actual. O contrato de posta a disposición. Portais de emprego e autoemprego.

Tema 8.- Axudas á contratación de mozas. O Sistema nacional de garantía xuvenil. Programas de fomento de emprego público para a contratación de desempregados para a execución de proxectos de interese xeral e social: subvencións outorgadas por servizos públicos de emprego nos ámbitos de colaboración coas corporacións locais e cos órganos da Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos.





CONCELLO DE BOBORÁS

Tema 9.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: título preliminar, títulos I, II, IV, V e VIII. 9. Fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario. Obrigacións das empresas en materia de contratación de persoas con discapacidade. Incentivos á contratación de persoas con discapacidade.

Tema 10.- O Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral. Antecedentes. Principios do sistema. Marco de regulación actual e normativa de desenvolvemento. Iniciativas. Financiamento. Vinculación co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional. O Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Tema 11.- Programación e execución da oferta formativa. Programas de formación para ocupados. Programas de formación para desempregados. Xestión das ofertas. Xestión da formación programada polas empresas. Empresas beneficiarias e obrigacións. Organización, financiamento e execución da formación.

Tema 12 .- Os certificados de profesionalidade: estrutura e contido. O recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral.

Tema 13 .- A protección por desemprego. Regulación actual. Nivel contributivo e nivel asistencial. Réxime das prestacións por desemprego. Incompatibilidades.. Réxime de obrigacións dos beneficiarios de prestacións por desemprego. O compromiso de actividade. Infraccións e sancións de traballadores e empresarios en materia de protección por desemprego.

Tema 14. Mercado de traballo. A oferta. A demanda. Indicadores do mercado de traballo. O comportamento das ocupacións, especialmente en Galicia.

Tema 15. Os perfís profesionais da oferta de emprego. A clasificación ocupacional e a súa importancia en materia de emprego. Novos perfís profesionais.

Tema 16. Os itinerarios personalizados de inserción: Concepto. Fases.

Tema 17.- Procesos individuais de orientación laboral: a entrevista de orientación laboral. A entrevista de selección de persoal. A entrevista de selección de persoal por competencias.

Tema 18.- Técnicas e ferramentas de emprego: canles de procura de emprego. Currículo. Carta de presentación. Carta de motivación. Carta de agradecemento. Ferramentas con soporte web 2.0. Entrevistas de selección de persoal.





CONCELLO DE BOBORÁS

Tema 19.- A avaliación nos procesos de orientación laboral: fases para a construción dun proceso de avaliación. Criterios indicadores de avaliación e fontes de verificación.

Tema 20.- Fomento de cultura emprendedora. Autoemprego. Habilidade emprendedora. Incentivos e apoio ás iniciativas emprendedoras. Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia.

BOBORÁS, data da sinatura da alcaldesa
Ordena e asina a alcaldesa

